



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Traballo fin de Mestrado	Código	652606607	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónPedagogía e DidácticaPsicoloxía			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado	Arza Arza, Neves Perea Vega, Gustavo Ariel Varela Urrutia, Roberto	Correo electrónico	neves.arza@udc.es gustavo.perea@udc.es roberto.urrutia@udc.es	
Web				
Descrición xeral	No Traballo de fin de mestrado (TFM) converxen a maior parte das competencias do Mestrado. É un traballo individual que se realiza baixo a dirección do profesorado que imparte as materias específicas do itinerario. O tempo total de dedicación é de 150 hs. (6 ECTS). Pode presentarse en dúas oportunidades. A primeira a finais de xuño e a segunda no mes de setembro.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se modifican</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Todas</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>A sesión maxistral na que se proporcionan orientacións xerais para a elaboración do TFM realizarase en Teams.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Las tutorías individuais y grupales realizaríanse a través do correo electrónico, moodle e Teams. En moodle habilitaríase un foro específico para a elaboración e defensa do TFM. En Teams, organizaríanse sesións individuais a demanda do alumnado e grupais fixadas previamente polo profesorado para tratar cuestións de carácter xeral relativas a presentación, organización e contidos dos apartados do TFM.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Non se modifica</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>A presentación do TFM sería a través dun vídeo ou nunha sesión sincrónica en Teams. A defensa será en Teams.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non se modifica.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



<p>Elaborar a fundamentación teórica e legal, analizando e valorando as bases legais e os obxectivos do desenvolvemento sostible aplicables á materia ou módulo e á etapa educativa.</p>	<p>AP1 AP10 AP13 AP14 AP15 AP16 AP18 AP19 AP21 AP24 AP26 AP29</p>		<p>CM1 CM3 CM4 CM6 CM7 CM8</p>
<p>Deseñar unha programación ou unidade didáctica contextualizada, viable, coherente co marco teórico e curricular</p>	<p>AP1 AP3 AP4 AP8 AP10 AP13 AP14 AP15 AP16 AP18 AP19 AP20 AP21 AP23 AP24 AP25 AP26 AP29 AP30 AP33</p>		<p>CM1 CM3 CM4 CM6 CM7 CM8</p>
<p>Comunicar o coñecemento construído</p>			<p>CM1 CM3 CM7</p>

Contidos	
Temas	Subtemas
Fundamentación teórica e legal	<ul style="list-style-type: none"> - Fonte sociolóxica - Fonte psicolóxica - Fonte pedagóxica - Fonte epistemolóxica
Deseño unidade didáctica ou programación	<ul style="list-style-type: none"> - Contextualización (curricular, centro e alumnado) - Obxectivos - Contidos - Metodoloxía - Actividades e recursos - Atención á diversidade - Avaliación



No caso de que o TFM non se centre no deseño do segundo ou terceiro nivel do currículo, as temáticas adaptaranse á modalidade escolleita e ás peculiaridades do Itinerario de FOL.	<ul style="list-style-type: none"> - Fundamentación teórica - Desenvolvemento - Conclusións
--	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A33 A30 A29 A26 A25 A24 A23 A21 A20 A19 A18 A16 A15 A14 A13 A10 A8 A4 A3 A1 C1 C3 C4 C6 C7 C8	15	110	125
Presentación oral	C1 C3	1	9	10
Atención personalizada		15	0	15

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O TFM pode acollerse a distintas modalidades que están descritas no seu documento marco. Entre outras, estarían: o deseño e desenvolvemento dunha investigación educativa, a revisión e investigación bibliográfica, un proxecto integrado ou actividades complementarias, innovación educativa con elaboración de materiais didácticos, temáticas transversais (perspectiva de xénero, educación mediática, competencia dixital docente etc.), programación dos módulos ou materias da especialidade e deseño de unidades didácticas.
Presentación oral	Consiste na presentación e defensa do TFM ante un tribunal composto por profesorado do mestrado. Para a exposición, que é pública, o alumnado disporá de 20 minutos. O tribunal realizará as valoracións e preguntas que estime oportunas e debatirá co alumno/a.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	A elaboración do TFM estará supervisada polo profesor ou profesora que asuma a súa dirección. A supervisión e orientación tamén se estende á preparación da presentación e defensa do TFM. As titorías realizaranse presencialmente, a través do correo electrónico, de TEAMS e de moodle. En moodle abrirase un foro específico de dúbidas para a elaboración e presentación do TFM. No caso de suspensión da docencia presencial, as titorías realizaranse a través dos medios telemáticos precitados.
Traballos tutelados	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	C1 C3	Presentación e defensa ? Calidade nos medios e/ou materiais de apoio. ? Selección e síntese da información ? Utilización de vocabulario profesional. ? Utilización da lingua galega con calidade lingüística ? Capacidade de argumentar na defensa	15



Traballos tutelados	A33 A30 A29 A26 A25 A24 A23 A21 A20 A19 A18 A16 A15 A14 A13 A10 A8 A4 A3 A1 C1 C3 C4 C6 C7 C8	<p>Cuestións formais (5%)</p> <ul style="list-style-type: none">? Claridade expositiva e organización da información? Marxes, identificación das táboas, diferenciación tipográfica dos distintos apartados e subapartados.? Pertinencia dos anexos <p>Fundamentación teórica e legal (30%)</p> <ul style="list-style-type: none">? Suficiencia e profundidade do marco teórico? Incorporación das aportacións/temáticas abordadas nas materias do mestrado.? Bibliografía actualizada e referenciada conforme ás normas APA 6ª edición.? Análise e valoración crítica das prescricións normativas e curriculares que aplicables a proposta? Orixinalidade na presentación da temática <p>Proposta (40%)</p> <ul style="list-style-type: none">? Contextualización (centro, alumnado, curricular)? Nivel de concreción e formulación de obxectivos e contidos? Nivel de concreción (desenvolvemento das actividades e coherencia coa proposta metodolóxica ...)? Nivel de concreción da proposta de avaliación (construción de instrumentos, participación do alumnado, criterios de cualificación, avaliación da proposta...)? Viabilidade da proposta atendendo a súa contextualización.? Relación e coherencia coa fundamentación teórica e normativa <p>Valoración persoal e conclusións (10%)</p> <ul style="list-style-type: none">? Relación das conclusións cos obxectivos do TFM.? REflexión sobre as competencias adquiridas e os ámbitos de mellora profesional.? Grao de integración dos coñecementos coseguidos nas distintas materias do mestrado <p>Utilización da lingua galega con calidade lingüística</p> <p>Utilización da lingua inclusiva</p>	85
---------------------	--	--	----

Observacións avaliación



RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación e cualificación detállanse nunha matriz de valoración que se pode consultar en moodle

UTILIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

A utilización da lingua galega coa calidade requirida no documento escrito e na presentación pode incrementar a cualificación até un punto.

REQUISITOS PARA PODER PARA PRESENTAR O TFM

O TFM só se pode presentar tendo a totalidade das materias do mestrado aprobadas.

CONVOCATORIAS/OPORTUNIDADES , TRIBUNAIS E DEFENSA

O alumnado disporá dunha convocatoria con dúas oportunidades. A primeira oportunidade é a principios de xullo e a segunda en setembro. No documento marco poden consultarse toda a información relativa ao procedemento e as datas. Este documento está accesible na web da Facultade e en moodle.

Para a avaliación dos TFM constituiranse tribunais formados por tres persoas titulares e unha ou dúas suplentes. Os membros dos tribunais son docentes do Mestrado, dous deles imparten as materias específicas do itinerario de FOL. A dirección do TFM non pode formar parte dos tribunais que xulguen os TFM do alumnado que titorizou. Para a defensa do TFM o alumnado disporá dun máximo de 20 minutos. O tribunal formulará as preguntas, comentarios e suxestións que estime oportunas. Finalizadas todas as defensas dos TFM o tribunal publicará as cualificacións provisionais no taboleiro do mestrado ou en moodle e indicará a data, hora e lugar para a revisión.

FALTA DE INTEGRIDADE

ACADÉMICA Ausencia de citación de fontes As citas e referencias a calquer tipo de texto deben declararse no texto e no apartado de referencias bibliográficas, utilizando as normas APA 7ª edición. Plaxio O plaxio será motivo de suspenso. O artigo 14.4 da normativa académica de avaliación da UDC establece que "na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade"

NORMAS PARA A AVALIACIÓN, REVISIÓN E

RECLAMACIÓNS https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_1.pdf
<http://www.educacion.udc.es/?pagina=propiedad-intelectual>

Fontes de información

Bibliografía básica

- (). .

Unha boa parte da bibliografía proporciónase en distintas materias do Máster, sobre todo nas materias específicas do itinerario. O alumnado terá que recuperar estas fontes e facer procuras específicas. A dirección do TFM tamén pode proporcionar a bibliografía que considere de interese. En moodle recompílanse recursos de carácter xeral para a elaboración de traballos académicos: guías para mellorar a redacción en galego, guías para a utilización dunha linguaxe inclusiva, normas APA 7ª edición etc.

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Relación coas materias do mestrado Para a realización do TFM son imprescindíbeis as achegas de todas as materias do Mestrado, maiormente as propias da especialidade (Aprendizaxe, Inserción e orientación laboral, Practicum e Mercado laboral e FP). Un bo aproveitamento das materias facilita a elaboración do TFM. Lectura do documento marco do TFM No documento marco do TFM pode obterse información máis detallada sobre modalidades ou temáticas, funcións e asignación da dirección, procedemento de avaliación e calendario para a presentación e defensa. Este documento está dispoñible na web da Facultade e en moodle. **COMPROMISO COA SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL** Co obxectivo de facer un uso sustentábel dos recursos evitar impactos negativos sobre o medio natural o TFM entregárase en formato dixital.



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías